

PROGRAMA XEMPRE AUTÓNOMO- 2023

Programa para a promoción do emprego autónomo

Axuda as persoas desempregadas que vaian desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional como traballadoras por conta propia, para facer fronte aos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral

**Prazo aberto do
25 de xaneiro ao 29
de setembro de
2023**

**Orzamento
12.000.000 €**



Persoas beneficiarias

- Persoas demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego **que, entre o 01/10/22 e o 30/09/23, causen alta definitiva no RETA** ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
- Persoas traballadoras autónomas ou por conta propia **que formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras** sen personalidade xurídica de nova creación.



Requisitos das persoas beneficiarias

- 1º Estar inscrita como demandante de emprego no servizo público de emprego e carecer de ocupación efectiva **na data de inicio da actividade**.
- 2º Ter iniciada a actividade **con anterioridade á data da solicitude** desta axuda, con domicilio fiscal en Galicia e atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas.
- 3º Desenvolver a súa actividade profesional ou empresarial en Galicia (segundo a alta no imposto de Actividades Económicas).
- 4º Non ter percibido subvencións ao abeiro dos programas de emprego autónomo **nos 3 anos anteriores á data do inicio da nova actividade**.
- 5º Non ter desenvolvido como persoa autónoma **a mesma actividade nos 6 meses anteriores á data de inicio da actividade ou calquera outra nos 3 meses anteriores** (non aplica se foi como persoa autónoma colaboradora).

PROGRAMA XEMPRE AUTÓNOMO- 2023

Programa para a promoción do emprego autónomo



Intensidade da axuda

A contía da subvención establécese segundo a situación no momento do inicio da actividade laboral:

Contía base (non acumulables)	+	Incremento (acumulables)	<ul style="list-style-type: none"> • Persoas desempregadas en xeral 	2.000 €
			<ul style="list-style-type: none"> • Persoas menores de 30 anos • Persoas maiores de 55 anos • Persoas paradas de longa duración • Persoas desempregadas con discapacidade en situación de dependencia • Persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social 	4.000 €
			<ul style="list-style-type: none"> • Muller • Centro de traballo nun concello rural • Persoas maiores de 45 anos^(*) • Persoa emigrante retornada ou estranxeira • Persoa trans • Profesións e oficios nos que a muller estea subrepresentada 	+25%

Contía máxima da axuda: 10.000 €

(*) Incremento non aplicable ás persoas maiores de 55 anos



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos auditados esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial.
- Manter a alta no RETA, réxime especial ou mutualidade durante un mínimo de 24 meses.
- Manter durante un mínimo dun ano a forma xurídica elixida.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións.
- Atender aos requisitos de información a través dos indicadores de realización e de resultados.

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 281212022